

MEMORIA

Área de Emprego e Emprendemento

CURSO 21/22

**e evolución dalgún dos resultados ao
longo dos últimos cinco anos**

Índice de contidos

OBXECTIVOS DA ÁREA DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO	- 3 -
LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	- 3 -
LIÑA ESTRATÉXICA 1: ORIENTACIÓN LABORAL.....	- 5 -
<i>Acción 1.1 Servizo de asesoramento personalizado de orientación laboral.....</i>	<i>- 5 -</i>
<i>Acción 1.2 Xornadas de captación de talento na función pública.....</i>	<i>- 7 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 2: INTERMEDIACIÓN LABORAL	- 9 -
<i>Acción 2.1 Xestión e publicación de ofertas de emprego</i>	<i>- 9 -</i>
<i>Acción 2.2 Xestión de bolsas de formación Práctica.....</i>	<i>- 11 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 3: FORMACIÓN PARA O EMPREGO.....	- 12 -
<i>Acción 3.1. Participación en Feiras de Emprego.....</i>	<i>- 13 -</i>
<i>Acción 3.2. Charlas de formación para o emprego nos centros</i>	<i>- 15 -</i>
<i>Acción 3.3. Programa “EMPREGarte”.....</i>	<i>- 16 -</i>
<i>Acción 3.4. Ciclo de conferencias “Xoves Empregables”.....</i>	<i>- 16 -</i>
<i>Acción 3.5. Programa “Videotalentum”.....</i>	<i>- 18 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 4: APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS E XESTIÓN DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE PRÁCTICAS	- 18 -
<i>Acción 4.1 Tramitación de convenios de cooperación educativa.....</i>	<i>- 18 -</i>
<i>Acción 4.3 Prácticas de programas específicos.....</i>	<i>- 21 -</i>
<i>Acción 4.3 Posta en marcha dunha plataforma de xestión das prácticas académicas</i>	<i>- 23 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 5: EMPRENDEMENTO.....	- 23 -
<i>Acción 5.1 Programa INCUVI.....</i>	<i>- 24 -</i>
<i>Acción 5.2 Servizo SUCUDE.....</i>	<i>- 29 -</i>
<i>Acción 5.3. Innovación aberta: programa Colmea de Ideas</i>	<i>- 29 -</i>
<i>Acción 5.4. Inauguración do espazo INCUVI.....</i>	<i>- 30 -</i>
<i>Acción 5.5 Creación da rede de docentes promotores do emprendemento.....</i>	<i>- 31 -</i>
<i>Acción 5.6 Outras accións de emprendemento.....</i>	<i>- 32 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 6. ACCIÓNS DE EMPREGABILIDADE TRANSFONTEIRIZA	- 34 -
<i>Acción 6.1. Programa Axudas a Mobilidade para prácticas externas en Portugal.....</i>	<i>- 34 -</i>
<i>Acción 6.2. Outras accións de apoio a empregabilidade transfonteiriza</i>	<i>- 34 -</i>
LIÑA ESTRATÉXICA 7. PROGRAMA ALUMNI-UVIGO.....	- 34 -
<i>Acción 7.1 Captación de usuarios.....</i>	<i>- 35 -</i>
<i>Acción 7.2 Análise do perfil de usuarios.....</i>	<i>- 35 -</i>
<i>Acción 7.3 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2022.....</i>	<i>- 36 -</i>
<i>Acción 7.3 Celebración do I Encontro Anual Alumni Uvigo 2022.....</i>	<i>- 37 -</i>
ACCIÓNS TRANSVERSAIS NAS QUE PARTICIPOU A AEE.....	- 38 -
<i>Acción transversal 1. Publicación de novas</i>	<i>- 38 -</i>
<i>Acción transversal 2. Difusión dos servizos da AEE nos centros.....</i>	<i>- 38 -</i>
<i>Acción transversal 3. Colaboración no programa XUVENTUDE-MENTORING.....</i>	<i>- 39 -</i>
<i>Acción transversal 4. Colaboración no programa PRIMAVERA XOVE.....</i>	<i>- 39 -</i>
<i>Acción transversal 5. Participación no grupo de traballo para a reorientación dos Programas PAT-Meet</i>	<i>- 40 -</i>
O AEE NAS REDES SOCIAIS: RESUMO DA ACTIVIDADE	- 40 -
<i>Perfis nas redes sociais</i>	<i>- 40 -</i>
<i>A AEE no Twitter</i>	<i>- 42 -</i>
<i>A AEE no Facebook.....</i>	<i>- 43 -</i>
<i>A AEE no Instagram.....</i>	<i>- 45 -</i>
<i>A AEE no LinkedIn.....</i>	<i>- 46 -</i>

Índice de táboas

Táboa 1. Liñas estratéxicas funcionais desenvolvidas pola AEE e procedementos asociados.	4 -
Táboa 2. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo durante o curso académico 2021-2022 desglosadas por sexo e situación académica.	5 -
Táboa 3 Número de entrevistas de orientación laboral por ámbito académico no curso académico 2021-2021.	6 -
Táboa 4. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao ao longo últimos cinco cursos académicos.	6 -
Táboa 5. Número de ofertas de emprego publicadas por ámbito académico no curso académico 2021-2021.	10 -
Táboa 6. Número de ofertas de emprego e bolsas publicadas ao longo dos últimos cinco cursos académicos.	11 -
Táboa 7. Número de charlas de formación para o emprego realizadas a petición dos centros no curso académico 20/21.	15 -
Táboa 8. Número e tipoloxía dos novos convenios asinados no curso académico 20/21.	19 -
Táboa 9. Localización das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21.	19 -
Táboa 10. Tipoloxía das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21.	20 -
Táboa 11. Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21.	20 -
Táboa 12. Entidades e servizos e escolas da Universidade de Vigo que acolleron estudantes en prácticas do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.	21 -
Táboa 13. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 13 estudantes que participaron no programa de Prácticas Campus rural nos meses de xuño-setembro do 2022.	22 -
Táboa 14. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 7 estudantes que participaron no programa de Prácticas da fundación ONCE-CRUE ao longo do curso 2021-2022.	22 -
Táboa 15.. Listado dos 12 proxectos seleccionados a participar na X edición do programa INCUVI EMPRENDE.	25 -
Táboa 16. Análise do perfil actual de usuarios da comunidade Alumni.	36 -
Táboa 17. Número de novas publicadas para cada tipoloxía ao longo do curso académico 2021-2022.	38 -
Táboa 18. Ubicación dalgunha das charlas de información dos servizos da AEE impartidas polo seu persoal a ao longo do curso académico 2021-2022.	38 -

Índice de figuras

Figura 1. Evolución do número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo últimos cinco cursos académicos.	7 -
Figura 2. Evolución do número de ofertas de emprego publicadas nos últimos cinco cursos académicos.	11 -
Figura 3. Evolución do número de bolsas de formación publicadas nos últimos cinco cursos académicos.	12 -
Figura 4. Puntuación promedio acadada nos 7 obradoiros presenciais organizados como parte do circuito formativo da X edición das axudas INCUVI-EMPRENDE do ano 2022.	27 -

Obxectivos da área de emprego e emprendemento

A finalidade que impulsou a creación da Área de Emprego e Emprendemento (en adiante AEE) da Universidade de Vigo foi mellorar a empregabilidade e a inserción laboral do estudantado e persoas tituladas da Universidade de Vigo. Para acadar este propósito, a AEE vela polo cumprimento de varios obxectivos, como seguen:

- Ofrecer un servizo personalizado de orientación laboral ao estudantado
- Facilitar as entidades colaboradoras a difusión de ofertas de emprego e formación práctica para que poidan captar talento entre o estudantado e as persoas egresadas
- Potenciar a formación específica que permita a mellora da empregabilidade do estudantado
- Redactar e velar polo cumprimento da normativa das prácticas académicas externas e facilitar ferramentas para a mellorar a eficiencia da súa xestión
- Crear valor engadido e emprego a través do desenvolvemento de estratexias, accións e recursos que fomenten as competencias emprendedoras no estudantado
- Promover o emprego e a mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal a través da cooperación co EURES T
- Dinamizar a comunidade Alumni-UVigo involucrando aos seus membros en accións específicas da Universidade.

Liñas estratéxicas de actuación

Ao fin de velar polo cumprimento dos obxectivos sinalados e poder ofrecer de maneira continuada novas oportunidades de inserción laboral e impulso a empregabilidade de estudantes e persoas tituladas desta universidade, AEE desenvolve anualmente unha serie de accións que se agrupan en 7 liñas estratéxicas de actuación, que se corresponden cos liñas básicas do orzamento da universidade, como seguen

- Liña estratéxica 1: Orientación laboral e información de emprego
- Liña estratéxica 2: Intermediación laboral
- Liña estratéxica 3: Formación para o emprego
- Liña estratéxica 4: Prácticas externas
- Liña estratéxica 5: Emprendemento
- Liña estratéxica 6: Mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal
- Liña estratéxica 7. Comunidade Alumni-UVigo
- Outras accións transversais

Un resumo das liñas estratéxicas de actuación e dos procedementos asociados poden consultarse na Táboa 1.

SERVIZOS DA UNIDADE DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO		
ÁMBITO FUNCIONAL (LIÑAS ESTRATÉXICAS)		PROCEDEMENTOS
1	Orientación laboral	Deseñar as follas de solicitude do servizo de orientación
		Xestionar as citas das sesións orientación solicitadas
		Preparar as sesións de orientación
		Executar e facer seguimento das sesións de orientación
		Organizar e impartir obradoiros de orientación laboral
2	Intermediación laboral	Intermediar coas entidades externas no procedemento de presentación de ofertas de emprego e no establecemento do perfil universitario buscado
		Atender as dúbidas que o estudantado e alumni podan ter ao respecto do cumprimento dos perfís buscados
		Velar polo correcto funcionamento e manter actualizados os contidos da plataforma de ofertas de emprego (Job teaser)
		Difundir as ofertas de emprego/prácticas non académicas externas entre o alumnado e persoas egresadas.
		Organizar e xestionar a organización de ferias de emprego propias (online e presenciais)
		Asistir con stand (presencial u online) as feiras de emprego propias ou externas
3	Formación para o emprego	Preparar os materiais das formacións específicas
		Impartir as formacións propias nos centros
		Organizar e xestionar a oferta doutras formacións que imparten entidades externas
4	Prácticas externas	Redactar e enviar ao CG para a súa aprobación a normativa das prácticas académicas externas
		Redactar e enviar ao CG para a súa aprobación os modelos de convenios de cooperación educativa e o modelo para estadias en empresas para a realización de TFG/TFM
		Tramitar a sinatura e renovación dos convenios necesarios para a realización das prácticas externas académicas, tanto nacionais como extranxeiras
		Tramitar a sinatura dos convenios necesarios para a realización das estadias no marco dos TFG/TFM
		Facilitar a documentación necesaria para a xestión das prácticas académicas e estadias dos TFGs/TFMs
		Velar polo correcto funcionamento do aplicativo de convenios
		Velar polo correcto funcionamento do aplicativo de prácticas
		Responder as dúbidas que o persoal da comunidade universitaria relacionado coa xestión e regulamento das prácticas curriculares
5	Emprendemento	Preparación do borrador das convocatorias INCUVI para a súa aprobación polo servizo de bolsas
		Difusión da publicación das convocatorias INCUVI
		Tramitar o desenvolvemento do proceso de selección dos beneficiarios das axudas INCUVI
		Organizar relatorios de emprendemento (Xoves con chica e limoná e outros)
		Promover accións dentro da rede de docentes emprendedores
		Preparar as follas de solicitude e satisfacción de servizo SUCEDE
6	Mobilidade transfronteiriza	Revisar o convenio de colaboración co EURES
		Executar as accións comprometidas no Convenio con EURES
		Propor e deseñar accións para favorecer a mobilidade transfronteiriza do alumnado e persoas egresadas
		Asistir as reunións de coordinación cos socios do Proxecto
7	Comunidade ALUMNI-UVIGO	Rexistrar, verificación e certificación de persoas usuarias
		Crear e actualizar listas de distribución e envío de accións
		Coordinar o servizo de mentoring
		Organizar encontros anuais
8	Outras accións	Publicar de novas
		Impartir charlas informativas dos servizos da AEE nos centros
		Colaborar en programas doutras entidades ou institucións relacionados coa empregabilidade

Táboa 1. Liñas estratéxicas funcionais desenvolvidas pola AEE e procedementos asociados.

Liña estratéxica 1: Orientación laboral

Co obxectivo de ofrecer un servizo de orientación laboral ao estudantado, como parte de esta liña estratéxica ao longo do curso académico 2021-2022 desenvóléronse dúas accións:

- Acción 1.1 Servizo de asesoramento personalizado de orientación laboral
- Acción 1.2 Organización de xornadas de captación de talento na función pública



Acción 1.1 Servizo de asesoramento personalizado de orientación laboral

O persoal técnico superior en orientación laboral da AEE realiza unha labor de asesoramento e información laboral personalizada para axudar ao estudantado e persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego. Para isto, se organizan entrevistas de orientación ca persoa solicitante nas que se utilizan as ferramentas necesarias no acceso aos procesos de selección, tales como o *curriculum vitae*, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc.

Resultados do curso académico 2021-22

Perfil das persoas entrevistadas. Ao longo deste curso académico asesorouse de maneira individualizada a 67 persoas das cales 36 eran estudantes e 31 tituladas (Táboa 2). A maioría das entrevistas foron realizadas a mulleres (79%) cun total de 53 entrevistas, e un total de 14 a homes (21%) (Táboa 2).

Sexo	Total		Situación actual		Grao	Mestrao
Mulleres	53	79%	estudantes	36	29	7
Homes	14	21%	titulados	31		
Total	67					

Táboa 2. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo durante o curso académico 2021-2022 desglosadas por sexo e situación académica.

Dentro do total das persoas atendidas realizouse asesoramento en materia de currículo a 17 persoas estudantes por mor da súa participación na Feira de Emprego “*Emprego inCampus*” realizada no Campus de Vigo (ver Liña estratéxica 3).

En relación ao tipo de entrevistas, 19 foron presenciais, 26 virtuais e 22 foron consultas por correo electrónico (e-mail).

Formación académica das persoas entrevistadas. A análise dos datos de entrevistas desglosado por ámbito e sexo reflicte que a maioría das persoas entrevistadas pertencían aos graos do ámbito xurídico-social (case o 39%) (Táboa 3), case todas mulleres. Algo menos dun quinto parte das persoas entrevistadas pertencían ao ámbito das Artes e Humanidades (22%) e en igual medida ao ámbito Científico (19%). Os estudantes do ámbito Tecnolóxico estiveron algo menos representados (9%) (Táboa 3). En menor medida, houbo entrevistas a persoas con estudos de Mestrado (10%) (ver Táboa 3) para mais información).

	AÑO 21-22	
Ámbito de coñecemento	Estudantes	%
Graos - Arte e Humanidades	15	22,4
Graos - Científico	13	19,4
Graos - Tecnolóxico	6	8,9
Graos - Xurídico-Social	26	38,8
Mestrados - Arte e Humanidades	1	1,5
Mestrados – Ciencias Sociais e Xurídico	3	4,5
Mestrados Ámbito Científico	3	4,5
Total	67	100

Táboa 3 Número de entrevistas de orientación laboral por ámbito académico no curso académico 2021-2021.

Resultados das enquisas de satisfacción. A enquisa de satisfacción do servizo de orientación laboral revelou que o 60% das persoas que a contestaron considerou que “En xeral, o servizo recibido cumprira as súas expectativas?” “e o 40% “que “incluso as superara”.

Evolución do servizo de asesoramento en orientación laboral nos últimos 5 anos

No curso 2017/2018 leváronse a cabo case 80 entrevistas de orientación laboral, cifra que se mantivo ao ano seguinte (Táboa 4). Sen embargo, nos dos cursos seguintes, a demanda deste servizo diminuí ata un 70%, non sendo ata o último curso académico que se recuperaron as cifras previas a pandemia (Táboa 4, Figura 1).

Curso académico	Nº entrevistas
2017/2018	79
2018/2019	74
2019/2020	29
2020/2021	26
2021/2022	67

Táboa 4. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao ao longo últimos cinco cursos académicos




Figura 1. Evolución do número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo últimos cinco cursos académicos

Acción 1.2 Xornadas de captación de talento na función publica

Está acción acolle a organización, difusión e xestión das persoas participantes y do público asistente a un ciclo de conferencias que se realizaron no mes de novembro do ano 2021 (3) e no mes de febreiro do 2022 (1), co seguinte cronograma:

- 5 de novembro ás 12:00: Unidade de Funcionariado internacional
- 19 de novembro ás 12:00: Axencia Estatal Administración Tributaria
- 25 de novembro ás 12:00: Captación de Talento en disciplinas STEM
- 11 de febreiro ás 12:00: Saídas profesionais e programas de bolsas da OTAN

En total, nas catro xornadas participaron 197 persoas. A participación nas tres primeiras xornadas foi maioritariamente de estudantes de grado (44%) seguidas por estudantes de mestrado (31%) e persoas egresadas (25%). No caso das xornadas da OTAN, nestas participaron maioritariamente estudantes de mestrado (84%).

XORNADA

Saídas profesionais e programa de bolsas da OTAN

Venres, 11 de febreiro de 2022
De 12.00 a 13.00 h
Canal Directo 1
UVigo TV

Relator:
Miguel Peco-Yeste
Doutor en Seguridade Internacional
Policy Adviser and Planning Unit
NATO Office of the Secretary General

Registro a través de formulario
secretaria.uvigo.gal/uv/web/formulario/
encuesta/cubrir_paso7/8949

Canal Directo 1 UVigo TV
tv.uvigo.es/live/
5b60870c8420b6d20625884



XORNADAS

Captación de talento Traballa na Axencia Tributaria O valor do público

Intervención:
Olga Bobadilla Pérez
Delegada da Axencia Estatal da
Administración Tributaria de Vigo
Carmen Rivas Millara
Inspectora de Facenda do Estado Delegación
Central de Grandes Contribuintes
Gonzalo Sarasola Díez
Corpo Superior de Vixilancia Aduaneira


**Venres 19 de novembro, 2021
ás 12.00 h**

Inscripción
[secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/
encuesta/cubrir_paso/8895](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso/8895)



Área de Emprego e Emprendemento

Universidade de Vigo



XORNADAS

Captación de talento en disciplinas STEM da Función Pública

Intervención:
Ana Belén Gómez Chia
DGFP
Maria Luisa Castaño
Licenciada en Químicas
Ministerio de Ciencia e Innovación
Miriam Pollastrini
Enxeñeira Industrial
Ministerio de Facenda e Función Pública
Beatriz Albella
Doutora en Biología
Ministerio de Ciencia e Innovación

**25 de novembro de 2021
De 12.00-13.30 h
Xornada virtual**

Inscripción
[secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/
encuesta/cubrir_paso/8896](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso/8896)



Área de Emprego e Emprendemento

Universidade de Vigo



Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)
- [MundoOpositor](#)

Liña estratéxica 2: Intermediación Laboral

Co obxectivo de facilitar as entidades colaboradoras a difusión de ofertas de emprego e formación práctica para que poidan captar talento entre o estudantado e as persoas egresadas, as accións principais acometidas con esta liña estratéxica ao longo do curso académico 2021-22 foron as seguintes:

- Acción 2.1. Xestionar e difundir unha bolsa de emprego co fin de por ofertas laborais ao alcance do estudantado e persoas recén tituladas da UVigo.
- Acción 2.2. Difundir bolsas de formación práctica dirixidas a perfís universitarios.

Como novidade ao procedemento de xestión e difusión das ofertas de emprego e bolsas de formación, a partir do 1 de marzo de 2022 comezou a usarse a plataforma *Job Teaser®*, o uso da cal exige que tanto as entidades recrutadoras como as persoas candidatas a un posto ofertado teñan que rexistrarse previamente na plataforma. A presentación da plataforma ao alumnado e comunidade universitario tivo lugar o 3 de marzo do 2022.



Acción 2.1 Xestión e publicación de ofertas de emprego

Resultados do curso académico 2021-22

Durante o curso académico 2021-2022, na bolsa de emprego xestionada pola Área de Emprego e Emprendemento tramitáronse un total de 397 ofertas de emprego para diferentes sectores, cunha media de 33 ofertas publicadas mensualmente.

Seguindo a tendencia habitual, as ofertas de emprego máis numerosas foron do ámbito tecnolóxico, cun total de 189 ofertas (48%), seguido do ámbito Xurídico Social con 82 ofertas (21%) (Táboa 5). Tamén foi bastante representativo as ofertas dirixidas ao ámbito das Ciencias da Saúde con 34 ofertas para persoas con titulación en Enfermaría ou Fisioterapia (9%) aínda que proporcionalmente en menor medida que no curso anterior, hai que ter en conta que a pandemia do COVID incrementara ás ofertas do ámbito da saúde e minorara notablemente o resto. Os ámbitos con menos ofertas de emprego foron o de Artes e Humanidades con 17 ofertas (4%) e o Científico con 8 ofertas (2%) . Un total de 67 ofertas (17%) dirixíanse a dous ou máis ámbitos (ver Táboa 5 para mais información).

Ámbitos de coñecemento	Ofertas de emprego	
	Nº	%
Tecnolóxico	189	48%
Xurídico Social	82	21%
Científico	8	2%
Artes e Humanidades	17	4%
Ciencias da Saúde	34	9%
Tecnolóxico - Xurídico Social	14	4%
Tecnolóxico – Científico	32	8%
Xurídico social – Artes e Humanidades	7	2%
Científico – Xurídico Social	1	0%
Multidisciplinar (máis de dous ámbitos): 13	13	3%
Total	397 (33 /mes)	
Ofertas de traballo ocasionais	10	
Ofertas Emprego público	2	

Táboa 5. Número de ofertas de emprego publicadas por ámbito académico no curso académico 2021-2021.

As dúas convocatorias de emprego público publicáronse polos seguintes entes:

- Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Convocatoria como persoal laboral fixo na Conserxería de Agricultura, Pesca e Alimentación na representación permanente de España ante la Unión europea de Bruselas (Béxica), oficial Administrativo
- Concello de Paroxa (Ourense): Brigada de Prevención e defensa contra incendios forestais

Evolución do xestión e publicación de ofertas de emprego nos últimos 5 anos

No curso 2017/2018 publicáronse 188 ofertas de emprego e 88 bolsas formativas remuneradas (Táboa 6). No curso seguinte incrementáronse un 15% as ofertas de emprego e un 6% as bolsas, e a tendencia seguiu incrementándose ata finais de febreiro de 2020, xusto ata o comezo da pandemia da COVID-19 (Táboa 6).

Como era esperable, o efecto dos meses de confinamento repercutiu moi negativamente na publicación de ofertas de emprego e bolsas e a penas houbo publicacións. Sen embargo, a partir de setembro do 2020 volveu a rexurdir o interese de moitas empresas en difundir ofertas no servizo de ofertas da UVigo. Aínda que había unha expectativa de retraemento nas contratacións por parte das empresas, e que moitas estaban incursas en procedementos de ERE, o total de ofertas publicadas no curso 20/21 non diferiu moito das publicadas no curso pre-pandemia (curso 18/19). Cabe destacar que o 21% das ofertas publicadas no curso 20/21 estaban dirixidas persoas con título en enfermaría, número moi superior ao número de ofertas para este ámbito publicado nos anos anteriores (5% no curso 2018/19 e case un 10% no curso 2019/2020) De feito, as ofertas en enfermaría pasaron a ocupar o segundo lugar de ofertas máis numerosas, un segundo posto que normalmente adoita ocupar as ofertas do ámbito xurídico-social.

CURSO ACADÉMICO	Nº OFERTAS	Nº BOLSAS
2017-2018	188	88
2018-2019	217	93
2019-2020	184	65
2020-2021	172	76
2021-2022	397	119

Táboa 6. Número de ofertas de emprego e bolsas publicadas ao longo dos últimos cinco cursos académicos

Compre indicar que ao longo do curso académico 2021/2022, as publicacións de ofertas de emprego incrementouse en máis dun 50% respecto aos catro cursos anteriores, cun incremento medio do $52 \pm 5\%$ (media $\pm$ DE) (ver Figura 2). Aínda que o incremento de case o 60% de ofertas publicadas respecto o curso académico anterior poderían explicarse pola recuperación paulatina que o impacto da pandemia causou na actividade empresarial, a comparativa cos anos precedentes apuntan a outras posibles causas. De feito, é posible que outra causa que propiciou esta tendencia foi o uso do novo canal de xestión e difusión das ofertas de emprego, a plataforma *Job Teaser®*, tal e como se mencionou anteriormente.




Figura 2. Evolución do número de ofertas de emprego publicadas nos últimos cinco cursos académicos

Acción 2.2 Xestión de bolsas de formación Práctica

Resultados do curso académico 2021-22

Neste curso académico xestionáronse un total de 119 bolsas de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de Cooperación Educativa da Universidade de Vigo). Seguindo a tendencia habitual de bolsas xestionadas, a maior parte das bolsas dirixíanse a persoas recentemente tituladas e/ou estudantes finalistas do ámbito tecnolóxico (50%) seguido do xurídico-social (35%). Nos ámbitos das artes e humanidades e do científico, soamente houbo unha bolsa por ámbito (1%) Comparando as bolsas formativas coas ofertas de emprego, destaca que non se solicitou ningunha bolsa dirixida ao ámbito das ciencias da saúde (ver táboa).

Ámbitos científicos	Bolsas de formación práctica	
	Nº	%
Tecnolóxico	60	50%
Xurídico Social	42	35%
Artes e Humanidades	1	1%
Científico	1	1%
Ciencias da Saúde:	0	0%
Ámbito Tecnolóxico-Científico	4	3%
Ámbito Tecnolóxico -Xurídico-Social	6	5%
Ámbito Científico-Xurídico Social	1	1%
Multidisciplinar(máis de dous ámbitos):	0	0%
Total	119 (10 / mes)	

Táboa XXX. Número de bolsas de formación publicadas por ámbito académico no curso académico 2021-2021.

Evolución do xestión de bolsas de formación práctica nos últimos 5 anos

Ao igual cas ofertas de emprego, tamén observouse un incremento na publicación de bolsas, aínda que o incremento foi algo inferior que no caso das ofertas de emprego e houbo mais variacións entre anos ($32 \pm 11\%$) (media $\pm$ DE) (ver Figura 3).




Figura 3. Evolución do número de bolsas de formación publicadas nos últimos cinco cursos académicos

Liña estratéxica 3: Formación para o emprego

Como non só a adecuación das candidaturas aos perfís profesionais demandados inflúe no éxito do proceso de inserción, senón que a habilidade cara a busca de emprego tamén o facilita, na Unidade de Emprego e Emprendemento organizamos accións formativas para promover a aprendizaxe e o desenvolvemento desas habilidades.

As principais accións desenvolvidas no curso académico 20-21 foron as seguintes:

- Acción 3.1. Feiras de Emprego
- Acción 3.2. Charlas de formación para o emprego nos centros
- Acción 3.3. Programa de formación “EMPREGarte”
- Acción 3.4. Ciclo de relatorios “Xoves Empregables”
- Acción 3.5. Programa Videotalentum

Acción 3.1. Participación en Feiras de Emprego

A Universidade de Vigo organiza, en colaboración con outras universidades e entidades no desenvolvemento de feiras de emprego, tanto presenciais como virtuais.

Feria Internacional Online de Emprego Universitario OnEJob 2021. Os días 28 e 29 de outubro de 2021 celebrouse a segunda edición da OneJob - Feira Internacional de Emprego. Esta feira resulta ser a continuidade natural das edicións online que a FindeU xa viña desenvolvendo nos anos previos ao 2020. Concretamente a OneJob foi organizada conxuntamente pola a Universidade de Vigo, a UTAD (Universidade Trás-os-Montes e Alto Douro), EURES Transfronteriza Galicia - Norte de Portugal e o GNP-AECT (Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal), xunto con IEFPP / EURES Portugal e a Xunta de Galicia. O evento organizouse a través da plataforma [“European Job Days”](#)

Segundo constan nos rexistros recompilados polo persoal da AEE, neste evento participaron 55 empresas e 7 puntos de información de toda Europa e inscribíronse mais de 1300 participantes/demandantes de emprego. O 94 % das persoas participantes posuían estudos universitarios.

En total participaron 89 entidades, entregáronse 1. 1376 CVs, ofertáronse 344 postos de traballo e realizáronse 260 entrevistas aos participantes que presentaron a súa candidatura.

As estadísticas acadadas foron as que seguen:

^ JOBS			
Published job offers	344	Total job applications	1194
Total interview invitations	158	Scheduled interviews	109
Available positions	1408	Unique job applicants	281
Pending interview invitations	49		
^ JOBSEEKERS			
Registered jobseekers	1692	Number of uploaded CVs	1376



Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)

I Feira internacional EmpregoinCampus: A primeira feira internacional EMPREGOinCAMPUS celebrouse na facultades de CC Económicas e Empresariais e a Facultade de CC Xurídicas e do Traballo os días 27 e 28 de abril do 2022. Esta feira xordeu para poñer en contacto a persoas tituladas e o estudantado do último curso con empresas colaboradoras que estean buscando talento na Universidade de Vigo.

A Área de Emprego e Emprendemento organizou este evento co apoio do Consello Social da Universidade de Vigo, o Concello de Vigo e o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, así como coa colaboración da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), o IEFP de Portugal, CIM-AM - Camara Municipal de Valença-Alto Minho- e a Associação Empresarial de Viana do Castelo.

Na feira participaron máis de 40 empresas e institucións e acudiron 338 estudantes. En total, entregáronse 1.559 CVs e ofertáronse 61 postos de traballo e realizáronse 260 entrevistas aos participantes que presentaron a súa candidatura.

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#) /lanzamento
- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#) /celebración

Resultados das enquisas de satisfacción. -A enquisa de satisfacción da asistencia a feira por parte das empresas participantes revelou que o 75% das entidades que a contestaron ($n = 10$) quedou “Moi satisfeito” e o 25% “Satisfeito” ca organización da feira. En canto os perfís de estudantes, o 65% das entidades quedou “moi satisfeito” ca actitude do estudantado e o 25% “satisfeito”. En canto a calidade dos seus CV, o 65% das entidades quedou “satisfeito” cos CVs recibidos e so un 10% “ moi satisfeito”. Este resultado pon de manifesto a necesidade de formar ao alumnado na creación dun CV de calidade. A puntuación promedio outorgada a feira foi dun 4,2 puntos sobre 5.



Feiras externas (non organizadas pola AEE). Ademais das feiras propias, a AEE tamén asistiu como entidade participante invitada, nas seguintes feiras de emprego:

- IV Edición Feira de Emprego Xurídico de Galicia y Norte de Portugal – ORIENTAIURIS, organizada pola faculta de Dereito do campus de Ourense. 16/11/21.
- Foro de Emprego Fundamental, Auditorio Mar de Vigo, 19- 21 de abril, organizado pola Fundación Mentor, ca colaboración do grupo Profand, Vidiv, Zendal e o Concello de Vigo.

Acción 3.2. Charlas de formación para o emprego nos centros

Ao longo do curso académico impartíronse 9 relatorios en distintos centros, baixo a demanda dos mesmos. En total nestes obradoiros participaron 105 persoas (Táboa 7).

OBRADOIROS EMPREGARTE			
TÍTULO	CENTRO	Nº PARTICIPANTES	DATA
Coñecete a ti mesmo/a: o teu proxecto profesional	Fac. de Dirección e Xestión Pública	11	13/05/2022
Cómo e onde buscar traballo	Fac. de Dirección e Xestión Pública	11	13/05/2022
	Fac. de Ciencias do Mar	9	03/02/2022
	Fac. de Comercio	14	18/11/2021
Cv e carta de presentación	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	7	01/06/2022
	Fac. de Ciencias do Mar	16	10/01/2022
	Escola Sup. de Enxeñaría Informática	6	17/07/2022
	Fac. de Belas Artes	9	08/11/2021
Procesos de selección	Escola de enxeñaría de Minas e Enerxía	7	01/06/2022
	Fac. de ciencias Xurídicas e do Traballo	15	26/04/2022

Táboa 7. Número de charlas de formación para o emprego realizadas a petición dos centros no curso académico 20/21

Acción 3.3. Programa “EMPREGarte”

No mes de decembro do 2021 celebráronse cinco obradoiros gratuítos dirixidos ao alumnado e ás persoas recién tituladas da Universidade de Vigo co obxectivo de facilitar a busca de emprego, unha tarefa que nunca foi doada e na que a proactividade da persoa candidata resulta clave.

Os obradoiros ofrecidos foron os seguintes:

- Coñécete a ti mesmo/a: o teu proxecto profesional
- Como e onde buscar traballo
- Carta de presentación e curriculum vitae
- O proceso de selección: test psicotécnicos, dinámicas de grupo e entrevistas de selección
- Traballar en Europa: un dereito / unha oportunidade.

Cada un deles tivo unha duración 2 horas de docencia presencial e atribuíselles unhas 3,5 h de traballo autónomo non presencial, polo que as persoas asistentes puideron acadar un recoñecemento en créditos ECTS.

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)



Acción 3.4. Ciclo de conferencias “Xoves Empregables”

Dende o 7 de outubro ata o 2 de decembro de 2021 impartíronse a segunda edición do programa “XOVES EMPREGABLES” o cal estivo patrocinado polo EURES-T. O ciclo contou cun total de **10 sesións en liña** a través do campus remoto, e tivo o obxectivo de ofrecer ás persoas participantes un programa formativo que lle proporcionara ao alumnado ferramentas e competencias transversais para impulsar a súa empregabilidade. Nesta segunda edición, cada seminario foi impartido por dous

profesionais con distintos perfís, un vinculado a área dos recursos humanos e desenvolvemento persoal e profesional, e outro/a persoal técnico traballando nun ámbito determinado. Este ciclo de conferencias, que no curso 21/22 celebrou a súa segunda edición.

No ciclo rexistráronse un total de 170 persoas, das cales o 40% foron estudantes de grado e un 26% egresados/as da Universidade de Vigo. Un 18% das persoas participantes do programa de Mentoring da Xunta de Galicia (ver Acción Transversal 3).

O cronograma seguido e os ciclos impartidos foron os seguintes:

- 7/10: "O Efecto Volvoreta". Relatora: Alejandra Mosteiro.
- 14/10: "Como traballar na e para a nube". Relator: Francisco Puga.
- 21/10: "Cadeas de produción , o transporte e a loxística". Relator: Diana Ordoñez.
- 28/10: "Como transferir á investigación para achegar valor e analizarán o auge da biotecnoloxía e as novas profesións "bio"". Relatores: Antía Blanco e Julio Martínez.
- 04/11: "Realidade aumentada e cotornas virtuais". Relatores: Xoel Vázquez e Miguel Mosquera
- 11/11: "Diversos aspectos da economía verde e a economía azul". Relator: Emilio Froján.
- 16/11: "Como a vía analóxica deixa paso aos novos perfís dixitais". Relatores: Alejandro Anta e Maruxa Amieiro.
- 18/11: "As relacións entre emisor, receptor e mensaxe e as novas formas de comunicar". Relatores: Pablo Romero e Miguel Angel -Souto
- 25/11: "Os novos retos na atención na saúde". Relatora: Noelia López
- 2/12: "Cando a arte vai máis aló dun lenzo. Relator: Julián Abad



Resultados das enquisas de satisfacción. -A enquisa de satisfacción da asistencia a feira por parte das empresas participantes revelou que se ben ao 70% das persoas que a contestaron (n = 13) a información aportada nos ciclos foi "adeuada" " ao 30% pareceulle "Moi adecuada". En canto a utilidade deste ciclo de conferencias, ao 65% das entidades quedou "moi satisfeito" ca actitude do estudantado e o 25% "satisfeito". En canto a utilidade dos contidos, aínda que ao 55% das persoas participantes pareceulle aplicable, houbo un alto porcentaxe de asistentes que manifestou non poder aplicar os contidos a curto prazo ben por non estar en busca activa de emprego, ben por non recibir ferramentas novas.

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)

Acción 3.5. Programa “Videotalentum”

VideoTalentum, é unha acción encamiñada a promover que un reducido grupo de estudantes e recién titulados/as universitarios/as realicen presentacións dos seus currículos ante empresas ubicadas en Galicia y Norte de Portugal. Nos meses de novembro-décembro do ano 2021 celebrouse a segunda edición do programa e rexistráronse 56 empresas e participaron 20 estudantes.

As presentacións de candidaturas fíxose utilizando un videocurrículo, unha ferramenta que permite que os/as recrutadores poidan consultar as candidaturas e diferenciar aos distintos perfís en poucos minutos. Previo a presentación das súas candidaturas todas as persoas participantes asistiron a un obradoiro de creación de videocurrículos.

En total solicitáronse 17 entrevistas e nas mesmas datas contratouse a un dos participantes. Non consta seguimento doutras posibles contratacións.

Liña estratéxica 4: Apoio para o desenvolvemento de prácticas académicas e xestión de programas específicos de prácticas

Para o cumprimento dos obxectivos marcados, e como parte de esta liña estratéxica, a AEE desenvolveu as seguintes accións:

- Acción 4.1. Tramitación de convenios de cooperación educativa con empresas e institucións de diferente ámbito de coñecemento
- Acción 4.2. Xestión de programas específicos de prácticas que xorden da colaboración con algunhas institucións.
- Acción 4.2. Posta en marcha dunha plataforma de xestión das prácticas académicas por parte dos centros

Acción 4.1 Tramitación de convenios de cooperación educativa

Resultados do curso académico 2021-22

A Área de Emprego e Emprendemento ten encomendada a coordinación da xestión dos procedementos administrativos da sinatura dos convenios necesarios para a realización das prácticas externas académicas, tanto curriculares como extracurriculares, do estudantado da Universidade de Vigo. Baixo este contexto, a AEE serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico ás estadias do estudantado. Esta actividade a realiza en coordinación cos centros (Facultades e escolas) e coa Fundación da Universidade de Vigo, órgano que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extracurriculares.

No curso académico 2021-2022 dende a Área de Emprego e Emprendemento xestionáronse un total de 532 convenios entre os cales se inclúen convenios de cooperación educativa, Interuniversitarios, inversos, Acordos Internos e por primeira vez o modelo de convenio para as prácticas no estranxeiro (*Educational Cooperation Agreement*), así como as prórrogas (Táboa 8).

Tipoloxía Convenios firmados entre 01/09/2020 a 31/08/2021	Nº Convenios	%
Convenios de cooperación educativa (Modelos Uvigo)	448	84,21%
Prórrogas de convenios de cooperación educativa	32	6,01
Convenios de cooperación educativa (Modelos empresas/institucións)	9	1,69
Prácticas: <i>Educational Cooperation Agreement</i>	11	2,06
Convenios Interuniversitarios	17	3,19
Convenios inversos	1	1,85
Acordos internos	14	2,63
Total	532	

Táboa 8. Número e tipoloxía dos novos convenios asinados no curso académico 20/21

Do total dos convenios asinados, 448 corresponderon a convenios de cooperación educativa formulados cos modelos tipo da Universidade de Vigo (84,21%), e permitiron a cobertura da realización de prácticas externas curriculares e extra-curriculares dos estudantes de todas as titulacións oficiais e títulos propios da Universidade de Vigo (Táboa 8). Dos 84 convenios restantes, 32 foron prórrogas de convenios (6,01%), 9 foron convenios de cooperación educativa (1,61%) nos que se utilizaron outros modelos de convenio negociados coas empresas ou institucións asinantes; 11 foron do modelo de prácticas externas no estranxeiro, 17 foron convenios interuniversitarios (2,06%), os cales permiten formalizar prácticas nunha empresa ao alumnado dalgunha das universidades asinantes, normalmente dirixida a un estudo específico de mestrado; 14 (2,63%) foron acordos internos para a realización de prácticas en servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo. Tamén foi asinado 1 convenio inverso (1,85%), para o estudantado doutra universidade que ven facer prácticas externas nalgunha dependencia da Universidade de Vigo (consultar Táboa 8 para mais detalle).

Distribución xeográfica das institucións cas que se asinaron convenios. Os convenios foron asinados con 489 empresas/institucións das que a metade delas localízanse na provincia de Pontevedra, seguidas de 97 empresas da provincia de A Coruña (19,83%), 53 da provincia de Ourense (10,83%) e tan só 17 empresas da provincia de Lugo (3,47%). Fora do ámbito de Galicia, 31 empresas son da Comunidade de Madrid (6,33%) e 7 da provincia de Barcelona (1,43%). Un 6,75% das empresas que asinaron convenios distribúense no resto do ámbito nacional. E as empresas estranxeiras cun total de 13 obteñen unha porcentaxe do 2,65 % (Ver Táboa 9 para mais detalle.)

Provincia	Núm. empresas por provincia	%
Pontevedra	238	48,7%
A Coruña	97	19,8%
Ourense	53	10,8%
Lugo	17	3,5%
Madrid	31	6,3%
Barcelona	7	1,4%
Outras provincias	33	6,7%
estranxeiro	13	2,7
Total	489	

Táboa 9. Localización das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21

Tipoloxía das institucións asinantes de convenios de cooperación. A porcentaxe maior corresponde con pequenas empresas (42%), seguidas das medianas (14%), fundacións/asociacións sen ánimo de lucro (13%), seguidas dos autónomos (12%) e administracións públicas (9%). As porcentaxes minoritarias corresponden coas grandes empresas (5%), as multinacionais (4%) e as empresas familiares (2%) (ver Táboa 10 para mais detalle).

Tipo de empresa	Núm empresas asinantes	
Pequena (menos de 50 traballadores)	206	42,12%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	67	13,70%
Grande (máis de 500 traballadores)	26	5,31%
Fundación / Entidade sen ánimo de lucro	62	12,67%
Empresa familiar	9	1,84%
Autónomo	57	11,65%
Administración pública	43	8,79%
Multinacional	19	3,88%
Total	489	

Táboa 10. Tipoloxía das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21

Actividade económica das institucións asinantes. As actividades económicas máis destacables das empresas que asinaron convenios de cooperación educativa ao longo do curso 2021-2022, foron as actividades profesionais, científicas e técnicas (21,07%), seguidas daquelas empresas que se dedican a información e comunicación (11,15%), a industria manufactureira (8,41%), ás actividades sanitarias e de servizos sociais (8,26 %), outros servizos (8,05%), e actividades artísticas, recreativas e de entretemento (7,23%) (ver Táboa 11 para mais detalle).

Actividades económicas	Empresas asinantes	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	13	2,68%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	35	7,23%
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1	0,21%
Actividades financeiras e de seguros	7	1,44%
Actividades inmobiliarias	1	0,20%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102	21,07%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	40	8,26%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	29	6%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	23	4,75%
Comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas	26	5,37%
Construción	8	1,65%
Educación	34	7,02%
Hostalaría	15	3,09%
Industria manufactureira	41	8,47%
Información e comunicacións	54	11,15%
Outros servizos	39	8,05%
Subministro de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación	3	0,62%
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1	0,21%
Transporte e almacenamento	12	2,48%
Total	484	

Táboa 11 . Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 20/21

Acción 4.3 Prácticas de programas específicos

Resultados do curso académico 2021-22

4.3.1. Programa universitario para o emprego e a vida autónoma

Dende a AEE se ofreceu apoio Técnico na organización e desenvolvemento as prácticas curriculares do título propio “Programa universitario para o emprego e a vida autónoma”, financiado por a Fundación ONCE para persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual, curso 2021-2022. Neste programa participaron 12 estudantes que maioritariamente reañizaron as prácticas externas en escolas e servizos da Universidade de Vigo (Táboa 12). De feito, como parte da súa colaboración con este programa, o persoal da AEE titorizou a unha alumnas, quen realizou as prácticas na AEE, no mes de xuño, aprendendo algunhas tarefas administrativas básicas.

Máis info [AQUI](#)

ENTIDADES COLABORADORAS	Nº ESTUDANTES
Fundación ABANCA	1
Servicios Generales	2
Área de Empleo y Emprendimiento	1
Servicio de Becas, Ayudas y Precios Públicos	2
Facultad de CC Económicas y Empresariales	1
Área de Bienestar, Salud y Deporte	1
Facultad de Comercio	1
Facultad de Biología	1
Facultad de CC Jurídicas y del Trabajo	1
Escuela de Ingeniería de Telecomunicación	1
Nº TOTAL ESTUDIANTES	12

Táboa 12. Entidades e servizos e escolas da Universidade de Vigo que acolleron estudantes en prácticas do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma

4.3.2. Programa de prácticas Campus Rural

Iniciativa promovida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en colaboración co Ministerio de Universidades e a CRUE, no que participou a Unidade de Empleo e Emprendemento, desenvolveron as súas prácticas 13 alumnos de diferentes perfiles durante 3 meses, nos concellos de menos de 5000 habitantes e tamén participaron empresas e institucións interesadas en participar en buscar alumnado que quixeran realizar as prácticas externas no ámbito rural. Con todas elas asináronse convenio de cooperación Educativa. A selección final foi de 13 estudantes os que realizaron as prácticas nas titulacións e centros indicadas na Táboa 13.



Nº ALUMNOS/AS	TITULACION (GRADO)	TIPO DE ENTIDADE DE DESTINO
2	Xestión Pública	Concello
1	Dirección e Administración de Empresas	Concello
1	Ciencias Ambientais	Empresa
3	Enxeñaría forestal	Comunidades de Montes (2)/concello (1)
1	Bioloxía	Fundación
1	Traballo social	Concello
1	Educación Primaria	CEIP
1	Ciencias da Linguaxe e Estudos literarios	Fundación
1	Educación Social	Concello
1	Enfermaría	Empresa

Táboa 13. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 13 estudantes que participaron no programa de Prácticas Campus rural nos meses de xuño-setembro do 2022

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)
- [La Guía GO](#)
- [La Región](#)
- [La Voz de Galicia](#)

4.3.3. Convocatoria do programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE” para alumnado universitario con discapacidade, en colaboración ca Fundación ONCE

Co fin de promover a mellora da empregabilidade e o futuro profesional das persoas estudantes universitarias con necesidades especiais, a UVIGO e a Fundación ONCE publicaron, en réxime de concorrência competitiva, unha convocatoria de bolsas co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a este colectivo. O equipo técnico da AEE foi a unidade da UVIGO encargada de buscar as empresas/entidades máis adecuadas para a realización das prácticas das 5 persoas seleccionadas, atendendo o seu perfil (estudos, intereses profesionais, adaptación do posto á discapacidade...), e previa realización dunha entrevista de orientación laboral.

As prácticas tiveron unha duración semanal de 25 horas e desenvóléronse o longo de 3 meses, segundo as bases da convocatoria publicada. O perfil do estudiantado seleccionado e a entidade na que realizaron as prácticas queda reflexado na Táboa 14.

Nº ALUMNOS	TITULACION	Tipo de entidade
1	Mestrado en comercio internacional	Empresa
1	Mestrado necesidades específicas de apoio educativo	Empresa
1	Enxeñaría Mecánica	Empresa
1	Grado en ciencias del linguaxe y estudios literarios	Fundación
1	Grado en Dirección e xestión pública	Empresa
1	Grado en Bioloxía	Empresa
1	Grado en ciencias ambientais	Empresa

Táboa 14. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 7 estudantes que participaron no programa de Prácticas da fundación ONCE-CRUE no curso 21-22.

Acción 4.3 Posta en marcha dunha plataforma de xestión das prácticas académicas

Ao longo do curso 20/21, dende a Área de Emprego e Emprendemento se traballou na elaboración dunha versión actualizada do regulamento de prácticas, o cal se aprobou finalmente por Consello de Goberno o 29 de Abril do 2022.

Co fin de dar a coñecer ao profesorado e persoal administrativo a nova normativa, a principios do curso 21/22, en setembro do ano 2021, organizamos un curso formativo titulado “Nova aplicación informática de xestión de prácticas académicas externas”. O obxectivo principal deste curso foi repasar o procedemento de xestión de prácticas externas da Universidade de Vigo, proporcionar algunhas pautas sobre as posibilidades de internacionalización das mesmas e presentar a nova aplicación para a xestión das prácticas curriculares.

A formación tivo unha duración de 5 horas, de 9 a 14 horas e impartírase nos tres campus da Uvigo (nunha próxima comunicación os informaremos exactamente do lugar). As datas son as seguintes:

Asistentes ao curso por campus:

- Ourense: 12 (11 PDI e 1 PAS)
- Pontevedra: 9 PDI
- Vigo: 11 (10 PDI e 1 PAS)

Liña estratéxica 5: Emprendemento

Un dos obxectivos da Universidade de Vigo é fomentar a cultura emprendedora da súa comunidade. Non se trata unicamente de educar o estudantado para crear empresas, senón que cómpre ensinarlle competencias emprendedoras que lle permita ter unha mellor versión de si mesmo. Con este fin, a través da Área de Emprego e Emprendemento, realizaranse distintas accións para favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado e apoialo emocionalmente. Deste xeito, o estudantado disporá das ferramentas para poder madurar as súas ideas emprendedoras, crear novas realidades e poñelas ao servizo da sociedade.

O éxito de todas as accións de emprendemento desenvolvidas desde a Universidade de Vigo non se mide en función do número de empresas creadas polo estudantado, senón polo número de persoas que puideron crecer tras o seu paso por algunha destas iniciativas.

Como parte da Liña Estratéxica do fomento das competencias de emprendemento na comunidade universitaria, ao longo do curso académico 2021.22 desenvóléronse as seguintes accións:

- Acción 5.1 Programa INCUVI
- Acción 5.2 Servizo SUCEDDE
- Acción 5.3 Innovación aberta
- Acción 5.4 Rede de profesorado emprendedor
- Acción 5.5 Outras accións de emprendemento

Acción 5.1 Programa INCUVI

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a formación en competencias propias do autoemprego do estudiantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de tres programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideais de negocio: o **INCUVI-EMPRENDE**, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial, o **INCUVI-AVANZA**, programa deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viábles entre aqueles que fixeron o seu paso polo programa INCUVI-EMPRENDE e o **INCUVI-CONSOLIDA**, como programa de maduración e consolidación dun proxecto emprendedor beneficiario de INCUVI-AVANZA e que partiu no ano 2022 coa súa primeira edición.

O acto de comunicación das persoas beneficiarias dos programas INCUVI tivo lugar o 20 de xaneiro do 2022. A entrega de diplomas ás persoas que remataron o programa formativo tivo lugar o 27 de maio dese mesmo ano.



Os resultados acadados en cada un de estes programas se describen a continuación:

X edición de INCUVE EMPRENDE. O premio aos proxectos escollidos son a formación, asesoría e apoio na elaboración dun Plan de Negocio. O prazo para inscribirse nesta convocatoria estivo aberto ata o 5 de novembro de 2021.

As tarefas realizadas polos compoñentes de cada un dos 12 proxectos seleccionados (ver Táboa 15). enfocáronse na aplicación practica da materia impartida en cada unha das sesións formativas, de tal forma que os/as participantes puideron definir a seu traballo no seu proxecto, desenvolver a súa idea de negocio, aprender a testala e realizar un plan de negocio. Antes do remate do programa, consolidáronse dous proxectos.

Durante os meses de traballo conxunto, os participantes avanzaron cara á definición das súas ideas de negocio e á súa posible materialización. Ao final do período formativo, no mes de xullo do 2022, foron sete os proxectos que ou ben remataron o seu plan de empresa o seguían traballando co fin último de iniciar a súa actividade. Máis polo miúdo, podemos destacar os seguintes proxectos:

- INIQUAL é unha empresa xa en marcha ao inicio do programa, que aproveitou os recursos formativos e de asesoramento para consolidar o seu negocio.
- INSECTNOVA está en proceso de certificación IEBT, asinaron un convenio de socios e prevén constituírse como SL en setembro deste ano.
- TECNIFICAT xa está facturando como Asociación, e a súa idea é consolidarse como empresa no próximo ano.

NOMBRE DEL PROYECTO		PERSONAS PARTICIPANTES	
		NOMBRE	APELLIDOS
1	INIQUAL	Alejandro	Sierra Amoedo
		Cayetana	de Ozámiz Diéguez
2	WLL WORK LIKE A LOCAL	Leticia	Pérez Prieto
3	REPROGAL	Rocío	Paladea Rojo
		María Dolores	Urso Freire
4	COLOR DETECTION	Marta	López Gil
		Sergio	Vega Cuenca
		Óscar	Ocampo Pérez
		Felipe	Sanmartín Anido
5	TECNIFICAT	Juan José	Rodríguez Castro
		Diego	Valtierra Da Costa
6	CENTRO DE DÍA RULIÑA	Lucía	del Río Solla
7	INSECTNOVA	Vicente	Orjales Barge
8	ROOMS	Pablo	González Tenoira
9	ALUGUER DE MODA	Paula	Piñón Ventín
		Daniela	Marín López
10	EÓLICA MARIÑA	Santiago	Granja Peón
11	UVIGO MERCH	Marcos	Campos Ballesteros

Táboa 15.. Listado dos 12 proxectos seleccionados a participar na X edición do programa INCUVE EMPRENDE

Resultados das enquisas de satisfacción. Ao fin dos 12 obradoiros formativos, os/as participantes no programa contestaron unha enquisa. Atendendo ao grado de satisfacción co programa, a puntuación promedio obtida nos obradoiros foi de 4,36 sobre 5 (

). Ao igual que as acadadas en anos anteriores, estas puntuacións poñen en evidencia o bo funcionamento do programa.




Figura 4. Puntuación promedio acadada nos 7 obradoiros presenciais organizados edición das axudas INCUVI-EMPRENDE ao longo do ano 2022



VI edición de INCUVI-AVANZA. A través dunha convocatoria de axudas e do patrocinio de entidades colaboradoras, a AEE proporciona un servizo de asesoramento personalizado, unha axuda económica para subvencionar custes relacionados coa constitución como empresa, así como un espazo de traballo durante 8 meses.



Co fin de contribuír á aceleración dos proxectos dende a Coordinación do programa, asínaselle a BluBusiness-IBD, SL, levar a cabo as seguintes tarefas:

- Facilitar a formación en dúas áreas concretas, planificación económico-financeira (10h) e *marketing* (10h)
- Asesorar aos emprendedores ó longo dun período de 6 (febreiro- xullo 2022) (12 h por proxecto).

Os 4 proxectos seleccionados aos que se lles facilitou a formación e mentorización dende febreiro de 2022 (mes de inicio do programa) ata xullo do 2022 son os que se amosan a continuación:

PROYECTO	EQUIPO EMPRENDEDOR
Navia3D	Fernández Fidalgo, Simón
	Pérez Carou, Rita
Diana Limón	Torres Carbonero, Diana
VI&GO	Álvarez Hereda, Marta
	Iglesias Araújo, Ignacio
	Marnotes Rodríguez, Adrián
DaOrixe	Martínez Sousa, Viviana

II edición de INCUVI-CONSOLIDA. A axuda deste programa consiste nunha axuda en forma de mentorización e nunha achega económica para facer fronte a custos derivados da consolidación do proxecto emprendedor. Co fin de contribuír á consolidación do proxecto desde a Coordinación do programa, asínaselle a empresa BluBusiness-IBD, SL, levar a cabo as tarefas de formación e mentorización do proxecto.

O proxectos seleccionado ao que se lle facilitou formación e mentorización dende febreiro de 2022 (mes de inicio do programa) ata o mes de xullo, foi o proxecto ODS PROTEIN, promovido por Iria Varela e Martín Rodríguez, e que ten por obxectivo a produción dunha nova fonte de proteína de orixe vexetal e da súa incorporación como ingrediente de alto valor nutricional nos seus procesos de produción.

**I INCUVI
CONSOLIDA**
Axudámosche a madurar a túa empresa

Presentación de solicitudes
ata o 6 de novembro de 2020
secretaria.unigo.gal/un/web/convocatoria/public/show/384

Universidade de Vigo

FUNDACIÓN
XUNTA DE GALICIA
INCUVI
Santander

Na data de finalización do programa, o proxecto avanzara segundo o esperado, a validación do proceso de produción da proteína vexetal fora un éxito e isto facilitou o interese esperado e amosado finalmente por inversores industriais do sector alimentario previsto.

O equipo está moi implicado na maduración da empresa e na saída ao mercado producindo unha nova materia prima para o sector alimentario de forma que están a seguir a planificación estratéxica fixada adaptándose a cada unha das oportunidades que lle xorden nas aceleradoras nas que participaron (BF-Food Consolidación e INCUVI-Consolida) así como nos eventos aos que son invitados para presentar, ante inversores, o seu proxecto. O proxecto está a ser moi ben acollido e con moitas expectativas por parte da industria alimentaria galega así como por parte dos inversores potenciais.

Medioteca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#) / Lanzamento da nova convocatoria

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#) / Entrega axudas
- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#) / Recollida diplomas
- [Atlántico diario](#)
- [TV UVigo](#)

Acción 5.2 Servizo SUCEDÉ

O Servizo universitario de Creación de Empresas do Estudantado (SUCEDÉ), persegue asesorar iniciativas de negocio promovidas polo estudantado e polos usuarios da comunidade Alumni-UVigo.

Ao longo do curso 21/22 solicitaron o uso deste servizo 13 persoas, e en total se realizaron 17 encontros de asesoramento. Do total de persoas que fixeron uso deste servizo, un 85% foron mulleres.



Máis información deste servizo [AQUI](#)

Acción 5.3. Innovación aberta: programa Colmea de Ideas

O programa Colmea de Ideas nace cun dobre obxectivo, por un lado canalizar desafíos que empresas e institucións propoñan a contorna universitaria e por outro facilitar que o alumnado desenvolva proxectos que ofrezan solucións innovadoras aos retos que plantexan as entidades externas participantes.

A presentación da 1ª Edición do programa Colmea de Ideas á Comunidade Universitaria tivo lugar o 26 de xaneiro do 2022 e a ela acudiron representantes das entidades colaboradores, estudantes, e persoal docente.

Na primeira edición do programa de innovación aberta Colmea de Ideas, presentáronse 13 empresas que buscan axuda no alumnado universitario para resolver 14 retos reais de innovación, coa idea de recompilar os retos abertos que se poidan presentar desde as entidades e aos que o alumnado poida dar resposta a través dos seus traballos fin de estudo, ben sexa traballos fin de grao (TFG) ou traballos fin de mestrado (TFM).



Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)
- [Faro de Vigo](#)
- [EconomíaEnGalicia](#)

Acción 5.4. Inauguración do espazo INCUVI

O 17 de febreiro do 2022 tivo lugar a inauguración do Espazo INCUVI, ubicado na Praza Miralles e dedicado integramente ao fomento do emprendemento universitario. Este espazo ven a substituír aos niños de Cidade Universitaria e se busca dar un novo impulso ao apoio de todas as iniciativas empresariais innovadoras que xorden no seo da comunidade universitaria. Esta espazo está a disposición tanto do alumnado, tanto o actual como o antigo, como de todo o persoal docente e investigador que poida estar interesado na posta en marcha de accións de fomento do emprendemento.



Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)
- [La Voz de Galicia](#)
- [Faro de Vigo](#)
- [Atlántico Diario](#)
- [VigoHoy periodismo dixital](#)
- [TV-U Vigo:](#)

Acción 5.5 Creación da rede de docentes promotores do emprendemento

Dende a AEE propulsouse a posta en marcha da [Rede de docentes promotores do emprendemento](#), unha iniciativa coa que se quere axudar a fomentar o emprendemento entre o alumnado das diferentes titulacións. Para formar parte deste nova rede, os integrantes ten que a participar no curso Competencias emprendedoras para o profesorado, unha actividade organizada pola Escola Aberta de Formación Permanente e a Área de Emprego e Emprendemento. A idea desta formación é acompañar ao profesorado universitario nunha formación dirixida, sobre todo, ao fomento do espírito emprendedor entre as súas alumnas e alumnos, promovendo así a mellora das súas capacidades profesionais e con iso, a súa empregabilidade.



Aínda que a primeira edición do curso celebrouse en maio do curso anterior, a formalización da rede, dada de alta como grupo de innovación docente, tivo lugar en marzo do 2022. Deste grupo forman parte sete docentes a distintas áreas de coñecemento. A idea que se persegue ca creación de este grupo non é tanto que as persoas que integren esta rede sexan formadoras en materia de emprendemento, senón que actúen, na medida das súas posibilidades, como facilitadores, contribuíndo a que o alumnado desenvolva a súa vocación e competencias emprendedoras, dándolle orientación ou dirixíndoos ás iniciativas que temos á súa disposición desde a UVigo para facer máis fácil ese salto da idea ao proxecto empresarial.

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)

Acción 5.6 Outras accións de emprendemento

Participación na Pont-up store.

Pont-Up Store é un espazo de emprendemento que naceu no ano 2014 en Pontevedra co obxectivo de impulsar e apoiar ao novo emprendemento e a innovación no noroeste peninsular e especialmente en Galicia. A AEE participou na feira os días 24 e 25 de setembro do 2021 cun *stand* propio e no que asistiron distintos proxectos da IX edición do programa INCUVI EMPRENDE.



Ciclo de conferencias “xoves con chicha e limoná”.

Mensualmente, e durante os meses de marzo a xuño, celebrouse no Espazo INCUVI o ciclo de conferencias “Xoves con chicha e limoná” co obxectivo de pór o alcance da comunidade universitaria

experiencias de distintas tipoloxías de emprendemento, desde aquel que se fai nas aulas universitarias a través das asociacións de estudantes, ata outras promovidas por persoas egresadas en sectores, en ocasións, pouco coñecidos. Ademais quíxose pór en valor a inclusividade de persoas con discapacidade intelectual en proxectos de emprendemento.

As datas e poñentes dos “Xoves con chicha e limoná” foron os seguintes



- 3 marzo: EQUIPO SPACELAB. Das aulas universitarias ao espazo
- 24 marzo: RAQUEL ESPÍÑA (House of Malasanta). Mais aló do Algoritmo: desafíos para empresas dixitais diferentes (+ obradoiro de *stop motion* con Instagram!)
- 28 abril: BRAIS ARMIÑO (AtlantHY). Desenvolvemento da economía do hidróxeno verde
- 26 maio: LYDIA GARCÍA (Obrador de Repostería Creativa). Emprendemento exclusivo e inclusivo
- 30 xuño: ALUMNI-UVigo. Recuperando o talento da nosa Universidade

Por falta de quórum non se celebraron as dous últimas charlas

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)

Colaboración en outras iniciativas externas de emprendemento

- **Xurado dos Premios MOCE-Paideia:** A Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, Fundación Ronsel e BBVA celebraron o pasado 18 de novembro a entrega dos XII Premios MOCE, creados pola Fundación Ronsel para recoñecer o traballo de autónomos e micros galegos. -empresas, ás que acompaña e apoia nos seus procesos emprendedores. Por primeira vez, a Universidade de Vigo, representada pola directora da Área de Emprendemento, Maruxa Álvarez, formou parte do xurado, composto por representantes de 10 entidades públicas e privadas vinculadas ao fomento do emprendemento. O acto de entrega destes Premios celebrouse na Fundación Paideia da Coruña. A representante da Área de Emprego e Emprendemento da UVigo traballou na revisión dos proxectos e na elección dos tres que, na súa opinión, merecían ser galardoados.



- **Impartición de charla da man da High Tech Auto.** O 11 de marzo do 2022, a Directora da Área de Emprendemento impartiu un webinar titulado “De estudante da uVigo a ser emprendedor ca incubadora HTA” como parte das iniciativas do Foro Tecnolóxico da UVigo, Máis información [AQUÍ](#).

- **Colaboración co proxecto GREENCAP.** O 24 de maio do 2022, a Directora da Área de Emprendemento impartiu un webinar titulado “*Alumni And Career Center*” como parte das iniciativas do proxecto GREENCAP. O obxectivo deste seminario web é axudar ás universidades cambadesas (socias do proxecto) a desenvolver os seus propios servizos de “relación universidade-empresa”. Máis información [AQUÍ](#).

Liña estratéxica 6. Accións de empregabilidade transfronteiriza

Acción 6.1. Programa Axudas a Mobilidade para prácticas externas en Portugal

Baixo o título Alén do Miño, a Universidade de Vigo lanzou en xuño 2022 un novo programa de axudas á mobilidade para prácticas externa en Portugal no marco de Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. Nesta primeira edición do programa resultou beneficiario un alumno, que fixo as súas prácticas na Universidade de Oporto.



Máis info: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/programas-especificos-practicas>

Acción 6.2. Outras accións de apoio a empregabilidade transfronteiriza

Como parte do proxecto EURES-T, a AEE organizou unha *sesión informativa virtual para traballar en Alemaña* para Estudantes de últimos cursos e egresados/as do grao en Educación Infantil. Esta sesión foi impartida por Elisa González, conxerxa EURES en Vigo, e tivo lugar o 10 de maio do 2022 asistiron 15 persoas.

Liña estratéxica 7. Programa Alumni-UVigo

En febreiro do 2021 a Universidade de Vigo anunciou a posta en marcha do servizo da comunidade Alumni-UVigo co obxectivo principal de fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre os/as egresados/as da UVigo, de tal maneira que poidan manter una conexión permanente coa institución e os seus fins ao longo de toda a súa vida profesional.

Despois de solucionar algunhas cuestións técnicas, non foi ata mediados de febreiro do ano 2022 que estivemos en disposición de formalizar a pertenza a esta Comunidade por parte do antigo alumnado da UVIGO.

Entre as vantaxes que teñen os usuarios desta comunidade está o acceso a servizos da Universidade de Vigo con tarifas o descontos especiais, e que aparecen reflexadas no seu orzamento, como seguen:

- Escola Aberta de Formación Permanente

- Instalacións y Actividades deportivas
- Actividades Culturais
- Acceso a los recursos de bibliotecas
- Centro de Linguas
- Ofertas de Empleo
- Formación para o Empleo
- Servizo SUCEDe de apoio ao emprendemento

Mais información: <https://alumni.webs.uvigo.es/>

As accións levadas a cabo ao longo do curso académico 2021-2022 como parte desta liña estratéxica foro a seguintes:

- Acción 7.1 Captación e formalización de usuarios
- Acción 7.2 Análise do perfil de usuarios
- Acción 7.3 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2022
- Acción 7.4 Organización do I Encontro Alumni-UVigo

Acción 7.1 Captación de usuarios

Para poder acreditar as persoas tituladas como usuarios/as da comunidade Alumni-UVigo, durante os meses de febreiro e marzo do ano 2022 enviouse varias mensaxes tanto a persoas que xa indicaran o seu interese en formar parte deste colectivo a través da [web de Alumni-UVigo](#) como as bases de datos das persoas egresadas que non seu día deran consentimento de recibir información de novidades da Universidade. A inclusión como usuario da comunidade por parte das persoas interesadas faise cubrindo un formulario de rexistro e a aceptación da normativa e a política de privacidade da Comunidade. Unha vez verificada a súa identidade e a vinculación coa UVigo, e nun prazo de 2-3 días, estas persoas reciben non teu enderezo electrónico a acreditación que lles recoñece como usuario de Alumni-UVigo, e que lles permite gozar de todas as vantaxes preparadas para o seu disfrute.

Acción 7.2 Análise do perfil de usuarios

A día de hoxe a Comunidade Alumni-UVigo conta con máis de 1000 persoas rexistradas. Algúns datos dos perfís destas persoas son os que se amosan na

Táboa 16:

XÉNERO	%
FEMININO	51%
MASCULINO	46%
OUTROS	3%

ANO DE TITULACIÓN	%
Anterior 2000	13%
2000-2005	18%
2005-2010	20%
2010-2015	21%
2015-2020	20,0%
Después del 2020	7,8%

PERFIL	%
Titulado/a pola Uvigo	93%
PDI	5%
PAS	0,7%
Alumnado do PUM	1,4%

PAIS	%
ESPAÑA	81%
RESTO EUROPA	5%
RESTO DEL MUNDO	14%

SITUACIÓN ACTUAL	%
Profesional con 5 ou mais anos de experiencia	70%
Traballador/a con menos de 5 anos de experiencia	17%
Sen emprego	11%
Xubilado/a	2%


Táboa 16. Análise do perfil actual de usuarios da comunidade Alumni

Acción 7.3 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2022

O obxectivo principal de Alumni-UVigo é fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre as persoas egresadas da Universidade de Vigo, de tal maneira que manteñan unha conexión permanente coa institución e cos seus fins ao longo de toda a súa vida profesional e persoal.

Co fin de fomentar a participación neste proxecto e para o desenvolvemento dos seus fins, Alumni-UVigo convocou no mes de xuño do ano 2022 a primeira edición dos Premios Alumni-UVigo.

O obxecto destes premios foi promover a excelencia e recoñecer o labor persoal e profesional das persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo que destaquen por unha traxectoria que achegue valor e teña unha clara vontade de inducir cambios na sociedade. Igualmente, con estes premios preténdese incentivar a relación da Universidade de Vigo co seu antigo alumnado, e reforzar o sentimento de pertenza á institución, contribuíndo activamente ao subdesenvolvemento e á proxección social.



Establecéronse 5 categorías de premios: Investigación, Impacto Social, Humanidades, Traxectoria Profesional e Emprendemento.

O xurado seleccionou a tres finalistas para cada modalidade de premios e a partir da data de publicación dos finalistas (30 xuño 2022) abriuse un prazo de votación entre todas as persoas rexistradas na comunidade Alumni-UVigo (i. e., formalmente rexistradas e posuidoras da acreditación) para elixir de entre as tres persoas finalistas o gañador ou gañadora de cada modalidade. As persoas ou os equipos de persoas que resultaron gañadoras de cada modalidade de premios déronse a coñecer no encontro Alumni cerebrado no mes de xullo.

As persoas galardoadas nesta primeira edición dos premios foron as seguintes:

- Premios alumni-Uvigo Emprendemento 22: Bibiana Rodiño Janeiro
- Premio alumni-Uvigo Humanidades 22: Martín Rodríguez Vázquez
- Premio alumni-Uvigo Impacto Social 22: Andrea Ruza García
- Premio alumni-Uvigo Investigación 22: Belén Riveiro Rodríguez
- Premio alumni-Uvigo Traxectoria profesional 22: María Luz Abeijón Vidal

Mediateca:

- [Faro de Vigo](#)

Acción 7.3 Celebración do I Encontro Anual Alumni Uvigo 2022

Unha vez que a comunidade Alumni-UVigo comezou a súa andaina, o día 13 de xullo organizouse a primeira edición do Encontro Alumni-UVigo, no cal se deron a coñecer as persoas galardoadas no premio e serviu como recoñecemento dos alumni-UVigo honoríficos, outorgado aos antigos reitores da Universidade de Vigo, e o galardón como Alumni-UVigo distinguido/a, outorgado a Jose María Franco, presidente da Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo. Ao finalizar o acto ofreceuse un ágape informal para que os/as Alumni-UVigo asistentes ao evento tiveran un espazo para o reencontro cos seus antigos/as compañeiros/as e docentes, o que lles permitise ampliar e /ou reforzar a súa rede de contactos persoais e profesionais.



Mediateca:

- [TVUVigo](#)

Accións transversais nas que participou a AEE

Ademais das sete liñas de traballo, dende a Área de Emprego e Emprendemento se promove, organiza e se participa en varios programas transversais.

Acción transversal 1. Publicación de novas

Durante o curso académico 2020-21 dende a AEE deuse difusión a 44 novidades de diferente tipoloxía a través da sección correspondente na web da AEE. As novas máis numerosas foron as que informaban sobre ofertas de emprego (59%) e bolsas de formación práctica (34%) (ver Táboa 17).

TIPOLOXÍA	Cantidade	%
Ofertas de emprego	26	59%
Bolsas formativas	15	34%
Concursos/Premios	2	5%
Cursos	1	2%
Total	44	

Táboa 17. Número de novas publicadas para cada tipoloxía no curso académico 21-22

Acción transversal 2. Difusión dos servizos da AEE nos centros

Ao fin de dar a coñecer as liñas estratéxicas de actuación da AEE, durante o curso académico 2021-2022 organizáronse distintas actividades, principalmente orientadas a orientación profesional do estudantado.

Na Táboa 18 pódense ver as presentacións da Área de Emprego e Emprendemento en xornadas de acollida e de orientación profesional que se organizaron en distintos centros da universidade.

Centro	Grao /Destinatario	Xornda	Campus	Data	Relatorio /Obradoiro
Fac. de Dereito	Mestrado universitario en Avogacía	Acollida	Ourense	27/09/21	Relatorio sobre prácticas, ofertas de emprego e emprendemento.
Fac. de Historia	Grao en Xeografía e Historia	Orientación profesional	Ourense	19/11/21	Relatorio sobre prácticas, ofertas de emprego e emprendemento.
Fac. de Dereito	Grao Dereito e o PECO (Dereito-ADE)	Acollida	Ourense	6/9/21	Xornadas de Orientación Laboral

Táboa 18. Ubicación dalgunha das charlas de información dos servizos da AEE impartidas polo seu persoal a ao longo do curso académico 2021-2022.

Acción transversal 3. Colaboración no programa XUVENTUDE-MENTORING

A UVIGO firmou un convenio de colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a posta en marcha do programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

Para a consecución dos obxectivos previstos no convenio, desde a AEE colaboramos na implementación dos seguintes servizos do programa:

- a) Difusión do programa entre as persoas recién tituladas
- b) Apoio á redacción da convocatoria de selección persoas titoras e das persoas participantes
- c) Colaboración na elaboración dos contidos mínimos do programa integral de mentoring así como as súas fases de execución
- d) Facilitar o contacto con docentes e de ser o caso as aulas para desenvolver habilidades e competencias nos participantes adaptadas ás necesidades das empresas.
- e) Apoio e coordinación cas persoas que actúan como mentores/as do programa.
- f) Participación no equipo de seguimento e coordinación coas outras dúas universidades públicas galegas e o persoal del CIXUG para a concreción e fixación de criterios e pautas homoxéneas ao longo de todo o Programa no relativo ao seguimento da actividade do equipo titor;
- g) Participación nas reunións de seguimento co CIXUG, a Consellería de Política Social e outras dúas universidades públicas galegas para a realización da monitorización do Programa;
- h) Axuda na definición do guión metodolóxico e aspectos a tratar pola parte do equipo titor con las persoas solicitantes para dar por cerrado el proceso como persoas finalmente beneficiarias do Programa;
- i) Definición, xunto co resto do persoal das outras dúas universidades e do CIXUG, da metodoloxía de traballo do equipo titor na súa actividade de seguimento e interacción coas persoas beneficiarias;
- j) Apoio logístico e de coordinación para a celebración das xornadas de Networking celebradas na Universidade de Vigo:
 - O emprego nos servizos sociais.
 - Necesidades actuais de recursos humanos nas empresas

Este programa desenvolveuse dende o 2 de xullo ata o 30 de novembro de 2021.

Acción transversal 4. Colaboración no programa PRIMAVERA XOVE

Entre os meses de abril e maio celebrouse o programa Primavera Xove, promovido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e que busca xerar espazos para un ocio educativo seguro, divertido, formativo e favorecedor da transferencia de valores e coñecemento.

Dende a AEE colaboramos ca Consellería na organización dos Encontros formativos e de *networking* nos campus universitarios de Ourense e Vigo, cedendo espazo e facilitando a organización das xornadas.

As xornadas celebráronse os días 6, 20 e 27 de abril e 4 e 11 de maio do 2022.

Acción transversal 5. Participación no grupo de traballo para a reorientación dos Programas PAT-Meet

Dende Outubro 21 ata febreiro 22, unha das técnicas de orientación laboral da Área de Emprego e Emprendemento, Reyes Fernández, participou no programa de mentoría para o estudiantado de grao da Escola. de Teleco.


El AEE nas redes sociais: resumen da actividade

Perfis nas redes sociais

-  Emprego e Emprendemento #UVigo
-  Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento
-  areaemprego
-  Emprego e Emprendemento - UVigo



Seguidores

areaemprego




Impresións

areaaemprego





Interaccións nas publicacións

areaaemprego



Postos


areaaemprego



A AEE no Twitter


Crecimento da comunidade

Emprego e Emprendemento #UVigo




Mencións

Emprego e Emprendemento #UVigo





Impresións

Emprego e Emprendemento #UVigo



Interaccións




Emprego e Emprendemento #UVigo



A AEE no Facebook


Crecimento da comunidade

Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento




Demografía: sexo e idade

Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento



Impresións de páxina

 Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento



Interaccións



 Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento



A AEE no Instagram


Crecemento da comunidade

areaemprego






Demografía: sexo e idade

areaemprego



Interaccións

areaemprego




A AEE no LinkedIn

Crecemento da comunidade




Emprego e Emprendemento - UVigo



Impresións na páxina




Emprego e Emprendemento - UVigo



Interaccións



Emprego e Emprendemento - UVigo



Vigo, Decembro 2022